

Vicente Docasar expón en Monforte que a Xunta reduciu un 28% o investimento en Educación por habitante

O deputado autonómico expuxo estes datos no marco do encontro organizado por FETE-UXT Lemos, e no que realizou unha profunda análise da evolución do sistema educativo dende 2009, así como das propostas dos socialistas para recuperar “o campo perdido”, pois dende que o PP está no Goberno galego, o Orzamento nesta materia diminuiu en 400 millóns de euros

Explicou que a xestión da administración autonómica provocou que as familias tivesen que desembolsar uns 30 millóns por ano polos libros de texto, 7 millóns polos comedores escolares e “un exilio” dos mozos “ben preparados”, ao recortar en 270 millóns de euros as bolsas de estudo

Por todo elo, e dado que foron “cinco anos de auténtica aldraxe á nosa lingua”, demóstrase que “para o PP a Educación nin é nin nunca foi unha prioridade”

MONFORTE DE LEMOS, 7 DE NOVEMBRO DE 2014.- O deputado autonómico e voceiro de Educación no Parlamento de Galicia –Vicente Docasar- realizou este venres, no marco do encontro organizado por FETE-UXT Lemos, unha profunda análise da evolución do sistema educativo dende 2009, así como das propostas dos socialistas para recuperar “o campo perdido” nesta materia. Concretamente, na xuntanza, na que participaron profesionais do sector, así como estudantes e representantes de ANPAs, Docasar destacou que, dende que goberna o Partido Popular na Xunta de Galicia, o orzamento da Consellería experimentou unha redución de 400 millóns de euros. Isto supuxo, engadiu, que o gasto neste materia por habitante pasase en tan só cinco anos de 860 euros a 670; é dicir, que diminuiu 190 euros, ou o que é o mesmo, un 28%.

“Este é o recorte brutal, subliñou, que aplicou o Goberno galego dende que ten responsabilidades nesta materia, e que demostra que para o PP a Educación nin é nin nunca foi unha prioridade”. Proba delo, é a distribución desta “rebaixa millonaria”: 100 millóns de euros en Infantil, Primaria e Secundaria; 120 millóns na Formación Profesional; e 70 millóns no ensino universitario; unha diminución que trouxo como consecuencia que, na actualidade, “contemos non só con 2.200 mestres menos, senón con profesionais máis desmotivados e que piden a xubilación anticipada por medo ao seu futuro”.

Repagos e “exilio” dos mozos “ben preparados”

O repago aplicado nos libros de texto, foi outro dos asuntos abordados polo voceiro de Educación no encontro. Neste senso, explicou que a xestión do Goberno autonómico trouxo como consecuencia que as familias tivesen que desembolsar uns 30 millóns por ano, ademais doutros 7 millón nos comedores escolares. Asimesmo, tamén destacou a restrición presupostaria que experimentaron as partidas para o arranxo das instalacións. Neste caso, a Consellería reduciu en 50 millóns esta aportación; o que supuxo un 75% menos de investimento. Asimesmo, o funcionamento dos centros dos equipamentos didácticos tamén “se resentiron”, ao igual que o investimento para a formación do profesorado e a prevención do abandono escolar. Nestes dous conceptos, a redución ascendeu 8,5 millóns de euros.

Pero o que é máis grave, destacou, é que “haxa menos cartos para bolsas de estudos e, como consecuencia, máis dificultades para acceder á Universidade para as capas sociais medias e humildes da nosa sociedade. En total, nestes dous últimos anos, recortáronse 270 millóns de euros menos en bolsas, dos que 44 millóns foron nas Erasmus. Ademais, Feijóo aumentou as taxas universitarias e o endurecemento dos requisitos”. Todo elo, provocou, “un profundo exilio de miles de mozos ben preparados”, que se están vendo obrigados a emigrar por falla de expectativas laborais e profesionais.

“Aldraxe da lingua”

Isto supuxo “cinco anos de auténtica aldraxe á nosa lingua, pois Feijóo adica un 0,06% do Orzamento o pasado ano, mentras que Fraga dedicaba o 0,43% en 1993”. En definitiva, foi un período de conflitos nos tribunais: a política lingüística, a subvención a centros que segregan por sexo, os cursos CELGA, o baremo do concurso de traslados e, máis recentemente, o propio marco normativo de LOMCE. A isto hai que engadir, dixo, as numerosas “folgas de leducia” convocadas polos profesionais da Educación, familias e estudantado para “mostrarlles ao PP o seu agradecemento pola fantástica política educativa desenvolvida polo mago Feijóo. Foron uns anos de ataques consecutivos ao ensino público, á cultura e á lingua de Galicia”.

Propostas dos socialistas

É por este motivo, polo que os socialistas, tal e como sulíñou Docasar, defenden que se repoñan progresivamente as condicións laborais e profesionais “arreatadas” ao colectivo docente; que se poña en marcha un plan plurianual para, en primeiro lugar, mellorar as instalacións dos centros educativos, en segundo lugar, os equipamentos didácticos e informáticos e, en terceiro lugar, para corrixir a fenda dixital existente entre centros educativos urbanos e do rural, co fin de que ningún escolar quede sen praza de comedor nin asista sen os libros de texto e o material que precise; que se recuperen as cantidades que os centros educativos reciben para gastos de funcionamento antes da chegada da crise; que non se acometa ningunha das vinte recomendacións suxeridas polo ministro Montoro “para a nosa Educación, como a modificación na prestación do servizo de transporte escolar; que se devolva progresivamente o diñeiro escamoteado ao sistema universitario galego nos últimos anos; que se recupere o investimento que o Goberno do PP dedicaba hai 20 anos á lingua galega; e que se volva ao consenso lingüístico.